

O INSTITUTO DE CIENCIAS DA EDUCACIÓN (ICE) DA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA (CURSOS 1991-92 A 1993-94). ARELAS, PROPÓSITOS, REALIDADES E CONSECUCIÓNS

THE INSTITUTE OF EDUCATIONAL SCIENCES (ICE) OF THE UNIVERSITY OF SANTIAGO DE COMPOSTELA (COURSES 1991-92 TO 1993-94). DESIRES, PURPOSES, REALITIES AND ACHIEVEMENTS

Antón Costa Rico

Ex-Director do ICE/Universidade de Santiago

De Nova Escola Galega

anton.costa@usc.es

RESUMO

Neste texto descríbense a organización estrutural e funcional do ICE da USC no comezo dos pasados anos noventa, indícanse os programas de acción desenvolvidos, as limitacións contextuais e propias da Institución e as consecucións máis apreciadas. O texto, escrito por quen tivo responsabilidades directivas na Institución, serve ademais para realizar unha reflexión crítica sobre a funcionalidade do Instituto de Ciencias da Educación da USC e para propoñer unha desexable perspectiva de desenvolvemento como “Instituto (Galego) de Ciencias da Educación”.

Palabras clave: Ciencias da Educación; USC; investigación pedagóxica; Galicia; formación do profesorado.

ABSTRACT

In this paper the structural and functional organization of the Institute of the Educational Sciences of the USC is described at the beginning of the last nineties, and developed action programs, contextual and limitations of the institution and the most significant achievements are listed. The text, written by one who had managerial responsibilities within the institution, also serves to make a critical reflection on the functionality of the Institute of Educational Sciences at USC and to propose a desirable development perspective as “(Galician) Institute of Educational Sciences”.

Keywords: Educational Sciences; USC; educational research; Galicia; teacher training.

HAI 24 ANOS

Tantos anos xa que a memoria persoal, necesaria pero fraca e por veces tramposa ou reacomodada no tempo, non serviría para dar conta adecuada e con suficiente obxectividade do que aconteceu nese período de tres cursos nos que tiven a oportunidade de realizar tarefas de dirección dun

dos Institutos universitarios da nosa Universidade, un dos primeiros creados nela, se ben por impulso da Administración central ás portas do inicio da década dos anos 70, formando parte da posta en marcha da reforma educativa española suscitada arredor da Lei Xeral de Educación de 1970.

Por fortuna e algún coidado do arquivo particular dispoño de dous documentos que me servirán de guía. Nalgún momento da primavera de 1991 o Vicerreitor de Profesorado profesor Xulio Rodríguez López, trasladándome o desexo do Reitor Ramón Villares, invitábame a asumir a responsabilidade da dirección do ICE no comezo do curso 1991-92 e aceptado o reto pensei que debería examinar o que esta Institución universitaria viña sendo daquela, o que se lle demandaba no marco estatutario aos varios Institutos universitarios da USC, os seus condicionamentos e oportunidades e o que de singular podería ter como “Instituto de Ciencias da Educación en Galicia”, dado que ademais non había outros. Contemplando o conxunto de elementos compuxen o texto *O ICE da Universidade de Santiago*, asinado en Setembro de 1991, asentando daquela unha copia no Rexistro administrativo propio do ICE. Alí se expoñían un xeral diagnóstico dunha institución que variara a partir do curso 1986-87 unha parte da súa concepción, ao deixar de pertencer á rede de ICEs da Administración central, unha vez aprobado o Estatuto de Autonomía de Galicia en 1981 e realizadas tamén as transferencias universitarias, e se sinalaban propósitos que só parcialmente se puideron levar a cabo posteriormente e ao longo do trienio indicado. O segundo e preciso documento editado é a *Memoria 1991-1994*¹, que porén non dispón xa non digo de ISBN, senón tampouco de Dep. Legal e por iso será que non consta ningún exemplar nos fondos da nosa Biblioteca Universitaria², pero servirá aos efectos desta presente achega.

QUE ERA O ICE DA USC

Este Instituto creouse ao abeiro do Decreto 1978/1969 e da LXE de 1970 como un centro de investigación e de especialización no campo da educación, coa específica finalidade de impartir a formación inicial de capacitación pedagóxica docente (CAP) dos profesores de ensino secundario, de contribuír á formación permanente do profesorado dos niveis non universitarios, así como a de promover a investigación pedagóxica e prestar asesoramento técnico á propia Universidade e demais centros do sistema educativo.

Desenvolvera estas funcións ao logo das década dos setenta e durante o primeiro quinquenio dos oitenta, pero a mediados desta década a formación permanente do profesorado de niveis non

¹ Exactamente UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA/INSTITUTO DE CIENCIAS DA EDUCACIÓN, *Memoria 1991-1994*, 119 pp.

² Merece isto algunha explicación. Debo sinalar que a fins de xuño de 1994 se produciu, atendendo aos resultados electorais referidos á renovación da Reitoría da USC, un cambio ao ser electo o profesor Dario Villanueva. A fins de xullo (o día 31, exactamente), chegou un escrito a Dirección do ICE sinalando o cese, sen tempo a preparar unha memoria desde a propia Institución, que só se puido facer desde fóra cunha probable edición de 100 exemplares repartidos entre as persoas que estiveran implicadas como docentes e investigadores ou bolseiros nese período e con probable descoido de depósito dela en varias Bibliotecas universitarias, sendo estraño aínda así que non apareza nos fondos documentais e bibliográficos propios do ICE ingresados no fondo xeral. Daquela mesmo non era habitual a confección de memorias.

universitarios, transferida con outras funcións á Comunidade Autónoma de Galicia, deixou de ser unha das tarefas do ICE, que seguiu, en todo caso cos cursos de CAP, con actividades de investigación, pero xa sen obedecer a un Plan Estatal (coa perda de recursos económicos que isto significaba), e encontrándose coa activación da investigación educativa desde os novos Departamentos universitarios das Facultades de Filosofía e Ciencias da Educación, entre elas a de Santiago, e con actividades de asesoramento, que eran, por outra parte de menor visibilidade, xunto a algunha capacidade aínda conservada no eido da publicística pedagóxica.

Neses termos, nun escenario de reaxustes e dalgunha incerteza institucional, organizativa e funcional, o equipo directivo antecesor, con Manuel Bermejo, como Director, e José Antonio Caride como Vicedirector, procederon a distintas reformas, que acadaron tamén ao cadro docente e técnico estable (de moi reducidas dimensións e limitadas capacidades), pero sen poder cerrar a incerteza a que aludimos, dada a singularidade do ICE como Instituto Universitario; unha singularidade non contemplada á hora de establecer principios e criterios para os Institutos universitarios no marco dos Estatutos da USC, concordantes coa Lei de Ordenación Universitaria de 1981, que os facía centros para o desenvolvemento da investigación científica imbricados cos distintos Departamentos Universitarios, o que non se acomodaba a un ICE que tiña como actividade central a docencia e como complementaria a de investigación pedagóxica, sen se lle recoñecer un cadro de investigadores específicos, nin a posibilidade de integrar no computo horario docente-investigador (nos PODs) a posible presenza da dedicación investigadora nos programas do ICE³.

a) Comezando

Neste contexto comezou a nosa andadura. Con varias inmediatas tarefas:

- a) a renovación mediante concurso público de cinco prazas de profesores de niveis educativos non universitarios⁴, segundo convenio entre a Consellería de Educación e a USC, para o desenvolvemento do Curso de Aptitude Pedagóxica;
- b) a inmediata posta en marcha do “Ciclo teórico” (120 horas de docencia) deste Curso (que incluía seminarios de Teoría e Socioloxía da Educación, Psicoloxía da Educación, Deseño curricular e Didácticas especiais) para case 1600 alumnos matriculados (curso 1991-92)⁵, coa participación de 21 profesores de módulos pedagóxicos e 137 de Didácticas especiais, todos eles fundamentalmente profesores de Instituto⁶, baixo a coordinación dos

³ O recoñecemento de dedicación só estaba prevista para as responsabilidades de dirección (similar Decanato de Facultade) e para as tres direccións de División (similar Vicedecanato/Secretaría departamental).

⁴ Quedaron confirmados os profesores Antonio Rial Sánchez, Manuel Brañas Álvarez, Bieito Silva Valdivia, Xosé Armas Castro e a profesora Carmen Morán de Castro, todos eles con actuación clave, intelixente e xenerosa no funcionamento do ICE, que logo como doutores universitarios e a través das súas liñas de desenvolvemento profesional e académico terminarían integrándose plenamente na Facultade de Ciencias da Educación.

⁵ Os 1152 alumnos do curso 1986-87 chegaron a case 1500 en 1990, e subiron durante o trienio desde os 1589 ao 2064.

⁶ Ou sexa, case 160 profesores con todo o artellamento administrativo que isto supón.

profesores antecitados e unha distribución en cinco sés: a central de Santiago, máis as da cidade da Coruña, Lugo, Ourense e Pontevedra, co auxilio en cada caso dun coordinador “local”, habitualmente algún dos profesores das Escolas de Maxisterio en cada caso existentes e colaboradoras en canto a espazos docente e outras tarefas;

- c) a composición, edición multicopiada e distribución de amplos dossiers de documentación (apuntamentos) para os 1600 alumnos nas cinco sés sinaladas e para todas as materias do ciclo teórico;
- d) o cambio de instalacións do Instituto e dos seus arquivos (xa grosos) a fin de ocupar o 4º andar do que actualmente é a Facultade de Filosofía, á porta de Mazarelos⁷;
- e) a elaboración e asinamento de Certificados de realización dos Cursos de CAP en número probablemente próximo aos 3000 solicitados por profesores de toda Galicia, a raíz dalgunha medida administrativa solicitada pola Consellería de Educación.

Como choque para o primeiro trimestre do curso 1991-92 e como ‘exercicio de dirección’ non estaba mal. Menos mal que o Nadal puxo un pouco de tranquilidade.

b) Organización, sectores, desenvolvemento

O cadro de recursos humanos estables compúxose entón do seguinte modo: unha dirección (con dedicación compartida coa docencia na Facultade de Ciencias da Educación), cinco profesores (coa central tarefa dos cursos de CAP), catro PAS⁸, un posto exclusivo de persoal técnico de documentación e biblioteca, e unha bedelería compartida; isto é, doce desempeños, a quen había que adxuntar, con dedicacións parciais, unha directora da área de formación de profesorado, un director da área de investigación educativa e un director da área de documentación administrativa⁹.

Con discontinuidade no tempo e nas xornadas ao longo deses tres cursos académicos acompañaron a este equipo humano máis estable unha media de sete bolseiras¹⁰ por curso, cun total de 14 persoas, das que actualmente a metade son profesoras ou profesores universitarios. Non quero esquecer aquí, non debo, a rede de profesoras e profesores, algúns en centros universitarios e a maioría presentes en niveis non universitarios que se sentían en colaboración co ICE, achegando así unha efectiva rede de intercomunicación que permitiu desenvolver máis tarefas das que tería sido posible só cos recursos propios: ben por formar parte de equipos de investigación, ou do Taller de Educación Ambiental, ou por ser titores de alumnos de CAP...; contribuíndo deste modo a xerar un valioso nodo entre sectores do profesorado de todo o sistema educativo¹¹.

⁷ Cunha apreciable melloría no conxunto das instalacións (despachos, salas de traballo, biblioteca e centro de documentación, e arquivo, ao pasar dos 540 aos 800 m²

⁸ Non permanentes nesa cifra e con dedicación á oficina administrativa.

⁹ Responsabilidades que ocuparon respectivamente a profesora María del Pilar Jiménez Aleixandre, Xosé Rubal Rodríguez (só durante o curso 1991-92) e Vicente Peña Saavedra, quen ligados ás tarefas docentes na Facultade de Ciencias da Educación ou na Escola de Maxisterio vían limitado o seu tempo de intervención no ICE, en particular nos dous últimos casos.

¹⁰ Con diversos tempos de contratación para os varios proxectos de investigación levados a cabo.

¹¹ En ocasións esa mesma vinculación tiña relación con fíos difusos, como en ocasións podía ser a pertenza de uns e outros a plataformas de renovación pedagóxica, en particular Nova Escola Galega.

A xestión administrativa, que repousaba sobre un Negociado con dous postos constantes, era ben notable. Son indicio as 7000 (*sic*) dilixencias administrativas e as 1500 operacións de pago¹², rexistradas na primeira das anualidades contempladas¹³.

O ICE dispoñía dunha Biblioteca-Centro de Documentación Pedagóxica tradicionalmente posto a disposición do profesorado, tanto dos centros universitarios como en particular dos outros niveis educativos. Nos anos setenta a súa importancia era superior á da nacente Biblioteca da Facultade de Filosofía e Ciencias da Educación (Sección de Pedagogía). A fins desta década era, porén, esta Biblioteca a que gañaba superior protagonismo, e posteriormente os fondos da Biblioteca do ICE pasarían a ser organicamente unha parte dos fondos da biblioteca da Facultade. En febreiro de 1992 mediante a aprobación do documento “Bases para un programa de funcionamento da División de Documentación Educativa e Publicacións” procuramos reforzar a súa potencialidade no ámbito das didácticas específicas para a formación inicial do profesorado de educación secundaria, potenciar a edición e difusión dos traballos de investigación e dos materiais didácticos realizados e promovidos polo ICE e darlle, ademais, un acento específico: a achega, catalogación, conservación e posta a disposición dos profesionais da educación da documentación educativa xerada en Galicia, algo que comezaba a ter unha constatable importancia, a modo de publicacións de libros de texto, recursos didácticos, e de unidades e guías didácticas, en ocasións con modesta edición¹⁴, con algunha aspiración de ser Centro de Documentación Educativa de Galicia.

A Biblioteca dispuña a mediados da anualidade 1994 de case 8000 títulos editados, dos que máis de 1700 ingresaran ao longo do trienio¹⁵ (764 deles por doazón). Dispoñía de 129 publicacións periódicas abertas, 59 delas por doazón/intercambio, conservando 176 coleccións pechadas e con distinto volume en cada caso. A súa beira, estaba catalogado distinto material audiovisual,

¹² Incluindo, por exemplo, o pago de dietas do profesorado dos cursos de CAP ou o das persoas que interviñan na aplicación de cuestionarios centro a centro e curso a curso en toda a USC. Cuns orzamentos anuais do ICE que se moveron en cifras próximas aos 50 millóns de pesetas, sendo o equivalente a algo máis de catro quintas partes dedicadas á organización e desenvolvemento dos cursos de CAP, o que revela a singularidade do ICE en canto Instituto universitario.

¹³ Compre salientar que a celebración anual do CAP consumía moita oficina, como sinalamos, o que actualmente parecería increíble: matriculación, confección de listados e grupos de alumnado, elaboración de fichas e avaliación, comunicación escrita cos estudantes, profesores e profesores-titores (co envío de documentación oportuna, para os períodos de prácticas, así como a recepción dos informes de avaliación; máis de 2000 no curso 1993-94), confección de certificados, rexistro e control de saída de títulos, confección de nóminas do profesorado...

¹⁴ Así, neste trienio ingresaron nos fondos bibliográfico-documentais do ICE un amplo e diverso material en relación coa educación en Galicia, sendo isto unha liña de traballo que non se continuou posteriormente coa intensidade realizada neste período. Vinte anos máis tarde abría as súas portas o Museo Pedagóxico de Galicia (2004), que entre outros antecedentes, poucos, contaba coa aprobación na Comisión de Educación e Cultura do Parlamento de Galicia dunha proposición non de lei, presentada polo grupo de Esquerda Galega, para que a Consellería de Educación procedese á creación do Museo-Centro de Documentación Pedagóxica de Galicia. O MUPEGA durante os seus primeiros anos, en particular, procurou levar a cabo esta tarefa de reunión documental.

¹⁵ No período tramitáronse facturas de compra por valor de 3.600.000 pts.

en particular no campo da educación ambiental, e un fondo vario de documentos relacionados coa ensinanza en Galicia¹⁶, con algunha frecuencia posto a disposición de distintas entidades¹⁷.

c) Un Instituto de investigación

Procuramos, en liña de continuidade co que xa se viña realizando, deseñar un perfil de actuación coas seguintes tres liñas:

- Unha sección de Investigación Avaliativa como unidade especializada, responsabilizada da análise da calidade da docencia universitaria, e que puidese estar aberta a realizar estudos de diagnóstico e de avaliación institucional do sistema educativo en Galicia, a través da posible realización de convenios coa Consellería de Educación,
- Unha sección relacionada cos estudos de Bilingüismo, acaída no escenario socio-lingüístico de Galicia, que xa contaba cunha certa tradición investigadora no ICE,
- E una sección de investigación no campo dos Deseños curriculares e das Didácticas especializadas, nun momento por outra parte de certo dinamismo neste campo á sombra da recente aprobación (1990) da Lei de Ordenación Xeral do Sistema Educativo (LOXSE).

Tocantes á sección de Investigación Avaliativa debemos falar en primeiro lugar dos procesos de avaliación da actividade docente do profesorado por parte do alumnado da USC. Fixéranse con anterioridade tres procesos anuais de avaliación, tomando por base o ICE, baixo a dirección do profesor Javier Tejedor, que se trasladara en 1991 á Universidade de Salamanca. Pero no ICE non quedaron máis que varios precarios papeis sobre a cuestión, de tal modo que na primavera de 1992 houbo que comezar de novo: equipos de traballo, concepción e tradución metodolóxica-operativa, cun orzamento de catro millóns de pesetas. Unha grande dificultade só sorteada co traballo laborioso e a eficaz colaboración de dous bolseiros¹⁸. Dos 60.000 cuestionarios aplicados en 1992, pasamos aos 85.000 e 96.000 dos anos sucesivos¹⁹. Unha grande laboriosidade, pois. Tivemos a intensa preocupación por deseñar un a modo de manual operativo e de tarefas que servira para o desenvolvemento de posteriores operativos nas quendas que fose.

¹⁶ Xunto a Sala de lectura existía o préstamo de libros, a fotodocumentación, un servizo de difusión selectiva de información, e con carácter trimestral editouse un *Boletín de novidades* e un *Boletín de Sumarios de Publicacións Periódicas*.

¹⁷ Departamento de Educación do Concello de Santiago, Nova Escola Galega, colexios e institutos de bacharelato ou centros universitarios.

¹⁸ Esther Martínez Piñeiro e Paulo Rendo. Falamos da primeira xeira, do ano 1992. Nos seguintes anos xa o funcionamento comezaba a acumular a experiencia pasada.

¹⁹ Ademais do equipo investigador, o operativo contou en cada xeira anual con sesenta estudantes aplicadores de cuestionarios en Santiago de Compostela e en Lugo, cunha retribución a cargo e con sesión formativa, procurando darlle a máxima seriedade, control e rigorosidade ao proceso, e máis de dez gravadores informáticos, que chegaron a gravar tres millóns de datos no curso 1993-94, coa colaboración do Centro de Cálculo da USC, elaborando informes individuais, departamentais, por centro, por campus, para o conxunto da USC, e un Informe final anual con presentación aos medios de comunicación.

A outra intención era a de poder elaborar estudos e informes a petición e por convenio coa Consellería de Educación. Neste ámbito debo referirme, en particular, á serie de estudos de “Avaliación da xornada lectiva de sesión única en Galicia” (realizados entre 1988 e 1992), baixo a dirección do profesor José Antonio Caride e coa intervención de quince investigadores, e ao logro que supuxo atraer cara o ICE a realización dos estudos de Informe anual sobre o estado e a situación do sistema educativo en Galicia por encargo do Consello Escolar en Galicia, entregándose o primeiro deles, de carácter global en 1994: “O sistema educativo en Galicia (niveis non universitarios). Curso 1992-93”, baixo a nosa dirección e coa participación de trece investigadores²⁰.

En relación cos estudos de Bilingüismo cómpre sinalar que no ICE existía algunha tradición de estudo desenvolvida nos anos 70 mediante traballos dirixidos polos profesores da USC José Pérez Vilarinho e Guillermo Rojo. A cuestión desatendeuse neste plano investigador logo e retomouse a mediados dos anos oitenta coa participación do profesor Xosé Rubal Rodríguez, que continuou no comezo do trienio 91-94, materializándose nos seguintes informes: “A lingua do alumnado e profesorado das franxas occidentais de Asturias, León e Zamora”²¹, a tese e doutoramento de Neves Arza Arza “Bases para a planificación da normalización da lingua galega no ámbito escolar” e na publicación en 1992 do coidado informe *Aproximación á situación da lingua no ensino non universitario (Preescolar e EXB)*. Pero no curso deste Trienio esta Sección decaeu ante as dificultades administrativas e a dificultade de obter financiamento público.

A investigación no campo curricular e didáctico logrou a súa plasmación nos seguintes proxectos realizados: “Estudo sobre as clases prácticas de botánica” (5 investigadores, baixo a dirección de María Pilar Aleixandre), “Proxecto curricular de Ciencias Sociais, Xeografía e Historia Aula Sete. Materiais curriculares para a ESO” (8 investigadores baixo a dirección de Ramón López Facal), “Aprendendo ciencias no Ensino Secundario (ACES)” (13 profesores investigadores, baixo a coordinación mancomunada de Jiménez Aleixandre, Lorenzo Barral e Otero Gutiérrez), “Elaboración de materiais curriculares na área tecnolóxica da Educación Secundaria (7 profesores, baixo a coordinación de Antonio Rial Rodríguez).

Ademais, desenvolvéronse outros tres informes: “Os aspectos cualitativos da FP en alternancia” (Antonio Rial), “Eurosurvey- Galicia” (realizado desde o Taller de Educación Ambiental²²) e “A demanda de educación superior e as súas implicacións no rendemento académico” (María L. Rodicio).

Cómpre indicar que todos os Informes deron lugar a distintas contribucións académicas publicadas polos seus autores; en varios casos tiveron edición como Informes por parte de Institucións

²⁰ Este primeiro, esixente e amplo informe, enlazaba de algún modo cun Informe previo realizado con varios anos de antelación como *Informe Cero* tamén desde o ICE e a través de convenio específico coa Consellería de Educación. Seguiríanlle outros Informes a veces bianuais e de carácter temático ata que en 2006 se publicou outro extenso e esixente Informe global, neste momento baixo a dirección do profesor Miguel Anxo Santos, neste momento tamén director do ICE.

²¹ Con edición por parte do Consello da Cultura Galega en 1992.

²² Coa implicación sobre todo dos profesores Caride Gómez, Morán de Castro, Manuel A. Fernández Domínguez e Meira Cartea.

públicas ou a cargo do Servizo de Publicacións da USC. Nalgún casos tamén significaron a elaboración de materiais didácticos para uso docente no ensino primario e no secundario.

d) O impulso á difusión editorial

No período contemplado publicáronse por parte de Institucións públicas, pois, varios Informes de investigación elaborados desde o ICE, varios desde o propio ICE, entre eles *20 anos de investigación educativa en Galicia (1970-1990)*, baixo a coordinación de Cebreiro López e Míguez Rodríguez, e distintos materiais didácticos de diversa temática²³, unido isto ás iniciativas de publicación e de difusión emprendidas polos propios profesores e investigadores e investigadoras ligadas ao ICE.

e) Formación e asesoramento docente

Fixemos a oportuna referencia aos Cursos para a obtención do Certificado de Aptitude Pedagóxica²⁴. Diremos aínda que o Ciclo de formación teórica tiña unha compoñente formativa en relación coas didácticas específicas mediante a estruturación de catro Seminarios docentes, que a súa volta organizaban 15 materias didácticas²⁵ e uns 140 profesores e profesoras, o que tiña logo a súa continuidade na celebración de Ciclo Práctico, establecido en 50 horas de duración, que significaba a entrada en contacto con numerosos centros e profesores de Institutos de toda Galicia, como indicamos atrás.

E por isto que tamén o ICE convocou distintas Xornadas e Seminarios de Formación, tendo como iniciativas máis notables no período: o VII Simposio español de ensinanza da Xeoloxía (con case 400 participantes), o II Seminario español sobre desenvolvemento curricular na área das CC. Sociais, Xeografía e Hª no ensino Secundario”, catro sesións específicas de formación do profesorado dos distintos Seminarios docentes, unha xornada de traballo con 150 profesores titores de Prácticas, e un Curso de Técnicas de Grupo aplicadas á Formación celebrado en distintos momentos e sesións para 70 profesores titores. En troques, non foi posible construír un Programa de formación didáctica para o profesorado universitario, a pesar de desenvolver algunha inicial tarefa.

²³ Entre outros: *Itinerarios didácticos por la geología gallega, Tecnología, O patrimonio arqueolóxico e artístico* I, II, *Textes français pour l'entrée a l'Université, Alimentación e Nutrición, Proyectos curriculares de Ciencias Sociales*.

²⁴ O profesor Antonio Rial, do cadro de recursos estables do ICE, exerceu a coordinación xeral organizativa destes Cursos, coa colaboración dos coordinadores de Seminarios, das didácticas especiais e dos catro presentes nos outros Campus de Galicia.

²⁵ Os Seminarios de Filoloxía (Galego, Español, Francés, Inglés e L. Clásicas), Xeografía, Hª e CC. Sociais (Xeografía e Hª, Filosofía, Música), CC. Experimentais (CC. Naturais, Física e Química, Matemáticas e CC. Experimentais), Tecnoloxías, Educación Física e Belas Artes (Debuxo técnico, E. Física, Tecnoloxías).

f) Taller de Educación Ambiental

De modo estable viña funcionando con sede no ICE un Taller de Educación Ambiental que así o continuou realizando²⁶ neste período para a formación ambiental do profesorado (formación, sensibilización, debate, construción de recursos, intercambio de experiencias, elaboración de informes) e con diversas actividades abertas ao público; un Taller que contou ademais, ata 1993, cunha subvención pública da Consellería de Ordenación do Territorio. Organizou preto de vinte conferencias, sete visitas de estudo a enclaves e lugares de sinalado interese ecolóxico e ambiental, tres exposicións, preparou varios recursos didácticos editados por impulso do ICE, diversas colaboracións con outras Institucións e un proxecto de investigación formando parte do proxecto europeo Eurosurvey, con cuestións relativas a Medio Ambiente e Saúde, para o que se mobilizou unha mostra estatística de 2000 alumnos galegos de ESO. Parte dos seus traballos foron expostos en reunións congresuais e o Taller chegou a reunir unha rica documentación, destacando as case 700 monografías desde o inicio da súa constitución.

UNHA ESCOLLA DE REALIZACIÓNS

A máis de vinte anos de distancia este anterior exercicio descritivo manifesta a existencia dun centro académico laborioso e con un certo e apreciable grao de efectividade. Desde aí, poderíamos preguntarnos por aquilo que máis favorablemente pode cualificar este trienio. Sen unha especial orde de prioridade salientamos:

- a) A preocupación certa pola cualificación da formación impartida nos cursos de CAP, que frecuentemente estaban tinxidos dunha deficiente valoración (con razón, pero tamén sen ela) por parte dos licenciados universitarios que xa os realizaran ou que se dispoñían a realizalos. O ‘campo de xogo’ en liñas xerais estaba trazado a nivel oficial e estatal, o que en por si introducía limitacións que un singular ICE, como o da nosa USC, non podía modificar. Nese contexto e indubitable o esforzo realizado na busca da máxima racionalidade organizativa, na procura da descentralización, na atención titorial, na preparación da documentación escrita para o alumnado e na propia formación do profesorado participante.
- b) A preocupación pola seriedade na organización dos procesos conducentes á avaliación docente por parte do alumnado da USC.
- c) A realización da varios estudos e informes de investigación ligados ao diagnóstico do sistema educativo en Galicia.
- d) O inicio da constitución dun Centro de Documentación Educativa de Galicia en conexión coa Biblioteca do ICE.
- e) As achegas varias de investigación, en particular en relación coa lingua galega e con didácticas especiais.
- f) A consolidación do ICE como espazo académico de referencia para a formación e a educación ambiental en Galicia.

²⁶ Coa coordinación dos profesores Manuel Bermejo, Manuel A. Fernández e Carmen Morán.

- g) A preocupación polo mantemento e renovación de dúas liñas de publicación editorial, a pesar das limitacións económicas.

PROPÓSITOS NON REALIZADOS

Tamén houbo propósitos non realizados ou arredor dos que non se puideron poñer primeiros chanzos efectivos. Por exemplo, adecuar a estrutura directiva e organizativa co máximo axuste ao que indicaban os Estatutos da USC para o conxunto dos Institutos universitarios.

No documento *O ICE da Universidade de Santiago*, asinado en Setembro de 1991 nas súas pp. 14-15 indicábase como liña prioritaria de investigación educativa: “a de carácter interdisciplinar relativa ao coñecemento do sistema educativo de Galicia, así como o asesoramento a grupos e proxectos de investigación xurdidos nos niveis non universitario do sistema educativo de Galicia e o servizo experto a aquelas necesidades e requirimentos de investigación educativa demandados pola Administración Educativa, en orde á toma e decisións no ámbito da política educativa” (sic), advertindo que “neste suposto dúas cuestións deberán ser dilucidadas: a primeira referente ó alcance a dar a un Instituto que no actual momento é administrativamente é só instrumento da USC, pero que podería ser, a través dos pertinentes convenios e decisións, un Centro de Investigación Universitaria con alcance sobre o conxunto de Galicia; en relación a este considerando haberá que construír a pertinente plantilla humana de recursos técnicos de investigación” (sic). A estes efectos propoñía igualmente neste documento (p. 17): “a conveniencia de singularizalo ICE da USC dentro da rede de Institutos desta Universidade”.

Arredor destas cuestións moi probablemente mantiven como Director distintas conversas con membros do Equipo Reitoral sen encontrar acollida efectiva que levase a pensar en calquera modificación estatutaria por esta cuestión, ou a abrir un escenario de diálogo coas outras Universidades de Galicia carentes dun Instituto destas características, nin coa Consellería de Educación. E os interrogantes aí quedaron ‘no papel’.

Nese mesmo Documento falábase (p. 18) do “Centro de Documentación e Información Educativa de Galicia”, que só en medida moi limitada e de modo ‘voluntarista’ e precario se conseguiu poñer en marcha, como en páxinas atrás se indicou, pero sen unha vía de acordo e convenio favorecedor coa Consellería de Educación da Xunta de Galicia: “un centro dinámico, propositivo e activo..., que non existe na nosa Comunidade Autónoma, contrariamente ás tradicións que veñen seguindo os distintos países no marco da proxección das súas respectivas políticas educativas”²⁷.

Era propósito o de intensificar a relación cos centros educativos desde o punto de vista da formación docente e do intercambio, no suposto da ampliación dos recursos humanos dispoñibles e da especificación estatutaria do Instituto. Na práctica isto foi máis limitado. Nesa perspectiva sinalábase na p. 28 do documento:

²⁷ Eramos ben conscientes, por unha parte, da existencia dun Centro de Documentación no Ministerio de Educación en Madrid ou dos Centros Documentais de alcance internacional, como o do *Bureau International d’Education* en Xenebra, baixo a supervisión, coma outros, da UNESCO, e, pola outra, da ‘precariedade’ e non regularidade presente nas actuacións técnicas da Consellería de Educación en San Caetano, desde onde tampouco existía a conveniente liña ordenada de comunicación institucional, en particular, coa Facultade de Filosofía e CC. da Educación (Sección de Pedagogía) da USC.

“Promover a celebración anual dun Certame de Premios de Investigación, Innovación e Experiencias Educativas de Galicia, de modo a favorecer o encontro entre a reflexión, o pensamento e a práctica educativa, así como a constitución no ICE dun fondo de documentos didácticos e educativos sempre crecente e de interese para os investigadores, como para os docentes universitarios formadores de novos profesores”

A estes efectos xeramos logo un documento coas posibles Bases dos Premios Padre Sarmiento de Educación en Galicia, non natos naquel período de 1991-94²⁸.

Tampouco foi posible desenvolver outro propósito: a creación dun “Foro Galego de expertos e responsables de Programas de Educación”, ao que aludimos na p. 95 da Memoria e do que só se xerou un documento de bases, que non tivo ningunha consecuencia práctica.

UNHA POSIBILIDADE: O INSTITUTO (GALEGO) DE CIENCIAS DA EDUCACIÓN

Algo máis de vinte anos transcorreron con diversos cambios nos equipos directivos do ICE²⁹, mentres foron mingando as funcións e tarefas deste Instituto e a súa influencia educativa, en distinto modo e con distinta intensidade, non exenta dalgunhas moi positivas realizacións investigadoras e de formación (con algún importante recoñecemento incluído), entre as que se inclúen algunhas valiosas publicacións e a revista-anuario de *Innovación Educativa* que agora mesmo o lector examina. Porén, sendo certo que o ICE non ten capacidade nin posibilidades para situarse como un actor da investigación educativa no mesmo territorio onde se estableceu a dimensión investigadora realizada desde os Departamentos universitarios ligados ás CC. da Educación, o seu patrimonio académico, sen ser marcadamente brillante, é un valioso e lexítimo punto de partida para ser institucionalmente recoñecido, alén da Facultade de CC. da Educación, pola Universidade de Santiago, o que quere dicir valorado³⁰. En tanto que esa valoración se faga poderán vir outras reflexións serias. O desenvolvemento educativo de Galicia hoxe é amplo, dinámico e complexo, como o son tamén amplos,

²⁸ En Outubro de 1997 tiven a fortuna de ser electo Decano pola Xunta de Facultade da nova Facultade de Ciencias da Educación e entre as diversas iniciativas no ano 2000 celebramos a Primeira convocatoria dos Premios María Barbeito de Educación en Galicia a proposta decanal, que diriximos a todos os centros educativos de niveis non universitarios de Galicia, con dúas modalidades, a de Investigación e a de Experiencias educativas, con dotación económica ambos os dous, sobre a base do documento elaborado para os Premios Padre Sarmiento no marco do ICE. Previamente a esta convocatoria de Premios, a Xunta de Facultade aprobara a proposta do Equipo Decanal establecer como patrón da Facultade o Padre Sarmiento, acolléndose ao día do seu natalicio. Parecía oportuno que dispoñendo xa dun nome de varón (o Padre Sarmiento) así recoñecido, que os Premios enxalzarán con todo merecemento a unha muller, como propuxo na ocasión a profesora Aurora Marco: María Barbeito. Interrompida a convocatoria destes Premios desde a Facultade, Nova Escola Galega concertou co Concello de Compostela a convocatoria para toda Galicia dos Premios para experiencias escolares “EducaCompostela”. Máis recentemente a través do exercicio vicedecanal do profesor Xesús Rodríguez Rodríguez a Facultade de CC. da Educación volvería realizar unha nova convocatoria dos Premios María Barbeito.

²⁹ Baixo a dirección respectivamente dos profesores sempre ligados profesionalmente as CC da Educación Miguel Zabazla, Miguel A. Santos, Xosé Cajide e Ana M^a Porto, no presente.

³⁰ Teño a impresión de que a USC, desde os seus equipos reitores e actores ‘con maior influencia’, nunca valorou adecuadamente este seu Instituto. Máis ben se sentiu que cubría unhas tarefas ‘necesarias’, pero non

dinámicos e complexos os retos aos que día a día ten que enfrontarse. E creo que no ámbito dos niveis educativos non universitarios o fai, autolimitándose, con menos instrumentos, capacidades, dedicación e destrezas do que precisa.

Retos, problemas, demandas, prospectiva. Todo se xunta na plasmación do desenvolvemento social da educación. Cómpre que o poder político (tanto parlamentario, como executivo), a Administración pública, as institucións de formación,...dean e articulen respostas e programas de acción, sostidos e participados democraticamente, facéndoo con esixencia intelectual, comprensión do tempo no que se vive e dos seus horizontes e con creatividade. Sendo así, o poder executivo ten unha capacidade limitada de resposta, por máis que dispoña dos instrumentos propios da administración pública e da relativa capacidade financeira.

Parte considerable das decisións a tomar e dos programas a implementar teñen maior complexidade académica e técnica da que é capaz de aprehender en por si como poder ou como administración. Porén, con frecuencia faise sen a suficiente conciencia desa complexidade, ou en habendo unha puntual consciencia acódesese ou a *staffs* privados cun inoportuno e abultado custe económico ou á formula de convenios coas Universidades a efectos de interesar a un determinado Grupo de Investigación consolidado e probablemente acreditado, pero que frecuentemente é experto nun conxunto de temáticas, no caso socio-educativo, que polo seu espectro non teñen porque ser as de maior interese para unha Administración pública como pode ser a Consellería de Educación e de Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia, mesmo porque con frecuencia os Grupos de Investigación en activo teñen condicionamentos³¹, ligados á consecución de recursos financeiros, á promoción académica e profesional dos seus membros, ás políticas xerais de investigación universitaria en España e de recoñecemento internacional da súa produción académica.

Teño a convicción de que a Administración Pública Educativa de Galicia precisa un cerebro experto, nunca un artefacto tecnocrático, pois que tantos son os aspectos organizativos, funcionais, curriculares, de innovación, de avaliación, e de formación que pertencen ao campo das competencias político-administrativas, que é necesario atender con esixencia e lucidez. Sen ir máis lonxe, aí temos un asunto tan central como a elaboración de deseños curriculares, que a Consellería encarga a grupos de profesores³² segundo a súa especialización didáctica para a súa confección en períodos excepcionais de tempo (tres meses??), antes de pasar a ser examinados tamén nun período máis breve de tempo polo órgano deliberativo e consultivo que é o Consello Escolar de Galicia, para a

necesariamente 'desexables', vindo de aí una minusvaloración institucional que acompañou probablemente sempre a súa existencia. En todo caso, foi a miña máis consciente percepción no tempo do meu mandato directivo.

³¹ Isto é, actualmente carecen involuntariamente da suficiente capacidade de autonomía, co que iso pode comportar e comporta en canto á creación de coñecemento e as súas características e significados; un déficit que en particular está a penalizar entre nós o desenvolvemento das ciencias sociais e do coñecemento experto e crítico.

³² Onde se encontran profesores con maior ou cualificación didáctica e curricular situados en varios lugares: algún na propia Consellería de Educación, algún formando parte dos Centros de Formación Continuada e outros como docentes dos diversos centros escolares, quizais algúns recoñecidos ademais con algún premio de innovación educativa e similar.

súa inserción inmediata no *Diario Oficial de Galicia*, para o seu xeral cumprimento. Faise con xeral ausencia da capacidade experta que se concentra nos Centros universitarios de formación do profesorado e de ciencias da educación, naturalmente sempre e en conxunto máis atentos ao desenvolvemento investigador, con máis capacidades e destrezas metodolóxicas e con mellor coñecemento de enfoques, debates e orientacións internacionais con relación ás diversas cuestións que poderán ser planteadas e examinadas.

O Instituto (Galego) de Ciencias da Educación debería ser ese lugar que como cerebro experto concentra capacidades técnicas e recursos humanos cualificados para o desenvolvemento investigador e avaliativo, segundo un programa de traballo de base cuatrienal, cunha dirección académica, un cadro investigador periódica e parcialmente renovado en parte dos seus desempeños, baixo a tutela dun Consello Asesor, a delimitar, con representación autocontida das tres Universidades de Galicia, da Consellería de Educación e da Xunta e Galicia en conxunto, dos docentes (desde a súa representación sindical) e do Consello Económico-Social de Galicia: o órgano que aproba as liñas de investigación e de actuación xeral do Instituto, os seus orzamentos xerais, substancialmente públicos, e as súas memorias de avaliación.

Por que non pensar que o ICE da USC, situado en Santiago de Compostela, adoptados os acordos e convenios precisos interuniversitarios e coa Xunta de Galicia, non podería ser ese Instituto preciso, e que en parte tomase en consideración para o seu funcionamento ordinario o que son prácticas consolidadas en diversos Institutos pertencentes ao CSIC? Por que non pensar que podería desempeñar ese espazo preciso intermedio, de diálogo e de concertación oportuna, situado entre a Administración educativa, cos seus desempeños e ritmos, o espazo académico universitario das ciencias da educación en particular, e o espazo pluriforme dos centros escolares, do profesorado e técnicos locais da educación, e dos actores sociais?

No presente aínda o contemplo con maior claridade que cando algo así formulaba hai máis de 20 anos. Terán que pasar outros 24?